

Lucía Artime Alonso, secretaria do Concello de Ames (A Coruña)

CERTIFICO:

Que dos datos e documentos obrantes nesta Secretaría ao meu cargo, resulta acreditado que con data 30 de xaneiro de 2026, a Alcaldía deste Concello ditou o decreto num. 259/2026, que literalmente di:

“DECRETO DE ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN DAS BASES E DA CONVOCATORIA DO “IV PREMIO INNOVAMES EMPRESAS INNOVADORAS 2026”

EXPEDIENTE: 628/2026

O Concello de Ames ven apostando nos últimos anos polo sector da innovación, froito disto pasou a ser no 2019 membro da Red Innpulso dependente do Ministerio de Ciencia e Innovación e desenvolveu diferentes actuacións neste eido como a posta en marcha do Coworking “A Proa” no polígono empresarial do Milladoiro ou o desenvolvemento do programa Innovames, entre outros.

Dentro do programa Innovames, o concello de Ames convocou nos últimos tres anos os Premios Innovames Empresas Innovadoras co obxectivo de recoñecer, apoiar e dar visibilidade ás persoas emprendedoras e empresas máis innovadoras e con maior potencial de crecemento en Ames; proxectos con carácter innovador e de gran impacto social, tanto de recente creación como xa consolidadas.

Co fin de continuar co apoio á innovación do sector empresarial no concello, óptase por convocar unha edición máis os premios Innovames Empresas Innovadoras.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O obxectivo principal deste concurso é achegar o mundo da innovación amesán á cidadanía, colaborar como nexo de unión entre a cidadanía e as empresas de innovación e o fomento da colaboración entre as empresas que motiven a creación de proxectos innovadores en conxunto.

Segundo.- En base ao establecido no artigo 17 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, polo servizo de Promoción económica elaboráronse as bases do “IV Premio Innovames Empresas Innovadoras 2026”.

Terceiro.- No Plan estratéxico de subvencións para o período 2026-2027 recóllese a seguinte liña de axudas:

LINEA DE SUBVENCIÓN	PREMIOS INNOVAMES
OBXECTIVOS	O obxectivo de recoñecer, apoiar e dar visibilidade ás persoas emprendedoras e empresas máis innovadoras e con maior potencial de crecemento en Ames; proxectos con carácter innovador e de gran impacto social, tanto de recente creación como xa consolidadas, que contribúan aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) marcados polas Nacións Unidas, aquelas utilicen as novas tecnoloxías nos seus procesos ou procedementos, así como aquelas que aposten pola globalización.
EFFECTOS PRETENDIDOS	1) Achegar o mundo da innovación amesán á cidadanía 2) Colaborar como nexo de unión entre a cidadanía e as empresas de innovación 3) O fomento da formación en innovación nos centros de ensino amiense.
DESTINATARIOS	Empresas de carácter innovador e centros educativos
PRAZO CONSECUCIÓN OBXECTIVOS	2026-2027
CUSTE ANUAL PREVISTO 2026	10.000,00
CUSTE ANUAL PREVISTO 2027	10.000,00
FUNCIONAL	4314

ECONÓMICA	47905/48110
FINANCIAMENTO	Fondos propios con cargo á funcional sinalada
PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN	Concurrencia competitiva

Cuarto.- A autorización e disposición do gasto realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 4314.47905 do orzamento vixente para 2026.

Quinto.- Consta informe – proposta do departamento de Promoción económica no que queda acreditado que as bases cumpren cos requisitos establecidos no artigo 17 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e o establecido na disposición adicional primeira da Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ames.

Visto o informe favorable da Secretaría e da Intervención municipal, esta Alcaldía Resolve:

Primeiro.- Avocar a competencia delegada polo **decreto 1983/2023** na Xunta de Goberno Local en materia de “aprobación das bases reguladoras de subvencións concedidas polo Concello en réxime de libre concurrencia, o reparto das axudas de acordo con ditas bases e a aprobación da xustificación correspondente”, para o expediente 628/2026.

Segundo.- Aprobar a convocatoria do “IV Premio Innovames Empresas Innovadoras 2026”, de acordo coas bases que se inclúen como Anexo I desta resolución.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe de 3.500,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 4314.47905 do orzamento vixente para 2026.

Cuarto.- Publicar a convocatoria seguindo o procedemento establecido no artigo 20.8 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), a través do envío do extracto da convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) para a súa remisión ao BOP. As bases publicaranse integramente na páxina web do Concello de Ames.

Quinto.- Dar traslado da presente resolución aos departamentos municipais afectados aos efectos oportunos.

Sexto.- Dar conta ao pleno da Corporación en cumprimento do artigo 44.4 e 38.d do ROF.

Decretouno o alcalde-presidente, na data da súa sinatura dixital, do que eu, a secretaria xeral deste Concello dou fe.

O alcalde

A secretaria

José Blas García Piñeiro

Lucía Artime Alonso

ANEXO I

BASES DO “IV PREMIO INNOVAMES EMPRESAS INNOVADORAS 2026”

Concellaría	Promoción económica
Anualidade	2026
Denominación	IV PREMIO INNOVAMES EMPRESAS INNOVADORAS 2026
Beneficiarios	Persoas emprendedoras e empresas máis innovadoras e con maior potencial de crecemento en Ames que teñan o seu domicilio social e fiscal en Ames
Aplicación orzamentaria	4314.47905
Importe da convocatoria	3.500,00 €
Importe dos premios	<ul style="list-style-type: none"> • Premio Innovames á Innovación Empresarial 2026: 2.000€ • Premio Innovames ao Impacto Innovador 2026: 1.500€

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS



O Concello de Ames convoca a edición dos “IV Premios Innovames Empresas Innovadoras 2026” co obxectivo de recoñecer, apoiar e dar visibilidade ás persoas emprendedoras e empresas máis innovadoras e con maior potencial de crecemento en Ames; proxectos con carácter innovador e de gran impacto social, tanto de recente creación como xa consolidadas, que contribúan aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) marcados polas Nacións Unidas, aquelas utilicen as novas tecnoloxías nos seus procesos ou procedementos, así como aquelas que aposten pola globalización.

1.- BASES XERAIS

O Concello de Ames aprobou a Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ames, que recolle o contido xeral das bases das subvencións convocadas polo Concello (Boletín Oficial da Provincia número 23, do 4 de febreiro de 2025).

2.- BASES ESPECÍFICAS

PRIMEIRA.- OBXECTO E FINALIDADE DA CONVOCATORIA

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS, OU DE PRIMEIRO NIVEL.

A concellaría de Promoción Económica a través da presente convocatoria, propón a consecución dos seguintes obxectivos estratéxicos:

1. Achegar o mundo da innovación amesán á cidadanía
2. Colaborar como nexo de unión entre a cidadanía e as empresas de innovación
3. O fomento da colaboración entre as empresas que motiven a creación de proxectos innovadores en conxunto.

OBXECTIVOS INSTRUMENTAIS, OU DE SEGUNDO NIVEL.

Para a consecución dos obxectivos estratéxicos, establécense as seguintes liñas de actuación, ou obxectivos secundarios:

- a) Primar actividades innovadoras dentro do tecido empresarial de Ames.
- b) Fomentar a formación en innovación como valor engadido ao tecido empresarial de Ames.

Con esta iniciativa preténdese:

- a) Identificar, recoñecer e apoiar ás empresas con maior impacto económico e social, cun alto compoñente de innovación e creatividade, con potencial de crecemento e xeración de emprego estable.
- b) Potenciar e favorecer as alianzas entre emprendedores e entidades, institucións e organismos, tanto a nivel provincial como rexional, vinculados ao mundo da creación de empresas e a innovación.
- c) Recoñecer os proxectos cuxa iniciativa emprendedora, contribuíu de maneira notable ao desenvolvemento da actividade económica.
- d) Fomentar a iniciativa emprendedora e impulsar a transformación de ideas de negocio e proxectos en empresas reais.
- e) Colaborar nos programas, recursos e servizos que os distintos axentes do ecosistema de emprendemento de Galicia ofrecen aos emprendedores, para desta forma favorecer a creación de empresas, a competitividade, o crecemento e o impulso da nosa economía.

A esta convocatoria seralle de aplicación o disposto na Disposición adicional primeira da Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ames (BOP número 23, do 4 de febreiro de 2025).

SEGUNDA.- RÉXIME XURÍDICO

O marco normativo polo que se rexerán as subvencións concedidas polo Concello de Ames está constituído polas leis e disposicións que se citan a continuación e polas súas normas de desenvolvemento, así como por cantas outras normas, legais ou regulamentarias, que conteñan prescricións relativas ás subvencións ou sexan susceptibles de produciren efectos no devandito ámbito:

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.
- Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE.
- Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.
- Regulamento (UE) nº 1407/2013, da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis.
- Bases de execución do orzamento vixente do Concello de Ames.
- Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ames (BOP núm. 23, do 4 de febreiro de 2025).
- Ordenanza de impulso do uso do galego no Concello de Ames do 1 de xullo de 2006 (BOP núm. 198, do 29 de agosto de 2006).

TERCEIRA.- FINANCIAMENTO E CRÉDITOS ORZAMENTARIOS

O importe da consignación ascende a un total de 3.500 euros con cargo á aplicación orzamentaria 4314.47905 do orzamento vixente para 2026.

CUARTA.- REQUISITOS DAS EMPRESAS PARTICIPANTES.

Poderán participar as empresas de calquera sector económico, con carácter innovador, impacto social e económico e con alto potencial de crecemento, así como aquelas empresas que contribúan ao logro dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) marcados polas Nacións Unidas, aquelas que utilicen as novas tecnoloxías nos seus procesos ou procedementos e aquelas que apostasen pola globalización.

Os/as participantes deberán cumprir os seguintes requisitos:

4.1 Requisitos xerais:

1. Non estar incurso/a en ningún dos supostos aos que se refiren os apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
2. Estar ao corrente das obrigas coa Axencia Tributaria, coa Seguridade Social e das débedas tributarias e demais ingresos de dereito público co Concello de Ames.
3. Atoparse ao corrente de pago das obrigacións por reintegro de calquera subvención ou premio concedido con anterioridade por este Concello.

4.2 Requisitos específicos da convocatoria:

☺ Ser unha empresa constituída, de conformidade co disposto na Recomendación 2003/361/CE da Comisión, do 6 de maio de 2003, como micro empresa, pequena e/o mediana empresa (DO L124 de 20.5.2003).

☾ Ter domicilio social e fiscal en Ames.

☿ Non poderán participar no concurso as persoas que formen parte do xurado, así como calquera outra persoa que teña un parentesco en primeiro ou segundo grao con algún membro do xurado.

☼ Presentar unha idea de negocio cun alto compoñente de innovación e creatividade no produto ou servizo ofertado ao mercado. A efectos das presentes bases, enténdese por compoñente de innovación:



a. **Innovación de Produto:** introdución dun ben ou servizo novo ou cun alto grao de mellora, respecto ás súas características ou o seu uso desexado. Esta inclúe melloras importantes en especificacións técnicas, compoñentes e materiais, software incorporado, ergonomía ou outras características funcionais.

b. **Innovación de Proceso:** aplicación dun método de produción ou distribución novo ou cun alto grao de mellora. Esta inclúe melloras importantes en técnicas, equipo e/o software.

c. **Innovación de Marketing:** posta en práctica dun novo método de comercialización ou cun alto grao de mellora que entraña importantes melloras no deseño do produto ou na súa presentación, ou na súa política de emprazamento (posicionamento), promoción ou prezo.

d. **Innovación Organizacional:** incorporación dun novo método de organización ou cun alto grao de mellora aplicado ás prácticas de negocio, ao lugar de traballo ou ás relacións externas da empresa.

QUINTA.- INSCRICIÓNS, LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN

5.1. Prazo de presentación

O prazo de presentación de candidaturas será dende o día seguinte á publicación do extracto das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia da Coruña **ata o 15 de febreiro de 2026 inclusive**.

Non se admitirán solicitudes presentadas fora do prazo indicado no parágrafo anterior.

5.2. Lugar de presentación

De acordo co artigo 14.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, as persoas xurídicas están obrigadas a relacionarse coas administracións públicas a través de medios electrónicos.

As solicitudes, xunto co resto da documentación, presentarase na sede electrónica do Concello de Ames (<https://sede.concellodeames.gal/GDCarpetaCiudadano/welcome.do>) mediante os modelos normalizados que se inclúen como anexos á presente convocatoria.

Tamén se poderán presentar a través de calquera outro dos medios aos que se refira o artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

5.3. Documentación

Para solicitar á participación nos premios deberá achegarse a seguinte **documentación**:

- **Anexo I** da presente convocatoria debidamente cumprimentado e asinado electronicamente.
- **Acreditación da representación** da persoa que actúa como representante da entidade e que asina a solicitude.
- **Declaración censual de alta no IAE.**
- **Memoria da candidatura:** Deberase achegar unha memoria resumo do proxecto que soporte a súa candidatura. Os candidatos deberán facer constar na súa memoria todas as cuestións que consideren oportunas para a valoración da súa proposta. A memoria non deberá exceder 6 páxinas.
- Deberá achegarse unha **fotografía ou representación gráfica** do proxecto. Formato 1080x1080ppp.

SEXTA.- OBRIGAS E RESPONSABILIDADES

A inscrición no concurso implica a autorización para tomar fotografías e gravacións por medios audiovisuais, as cales poden ser difundidas en publicacións locais, rexionais ou nacionais.

A participación no "IV Premios Innovames Empresas Innovadoras 2026" implica a aceptación destas bases reguladoras e do fallo emitido polo Xurado.

O incumprimento dalgunha das bases levará implícita a descualificación no Concurso.

A interpretación das bases correspóndelle a Concellaría de Promoción Económica.

SÉTIMA.- CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN

Os “**IV Premios Innovames Empresas Innovadoras 2026**” están concibidos para o recoñecemento, apoio, visibilidade e posta en valor das empresas máis innovadoras, de gran impacto social e con maior potencial de crecemento e de xeración de emprego, en todas as súas formas xurídicas.

Para iso, nesta edición diferéncianse ás seguintes categorías:

1. **Premio Innovames á Innovación Empresarial 2026** cun premio de **2.000€**
2. **Premio Innovames ao Impacto Innovador** cun premio de **1.500€**

As entidades que queiran participar deberán escoller na súa solicitude a categoría na que desexan participar. Non se poderá solicitar a participación simultaneamente nas dúas categorías.

Para que se poida levar a cabo o concurso de cada categoría, deberán recibirse como mínimo tres propostas. No caso de que non se alcancen o mínimo de tres participantes nalguna das categorías, declararase deserto o concurso para dita categoría e procederase conforme se indica na base seguinte.

OITAVA.- RÉXIME DE CONCESIÓN, IMPORTE DA CONVOCATORIA E IMPORTE DOS PREMIOS

A presente convocatoria de premios trátase dunha subvención en réxime de concorrencia competitiva, sendo este o procedemento ordinario de concesión de subvencións tal e como estipula o artigo 22 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

O importe destinado aos premios previstos nesta convocatoria será de 3.500 euros con cargo á aplicación orzamentaria 4314.47905 do orzamento vixente para 2026.

Importe dos premios:

- **Premio Innovames á Innovación Empresarial 2026 cun premio de 2.000 €**
- **Premio Innovames ao Impacto Innovador cun premio de 1.500€**

Total: 3.500,00 euros

No caso de que se declare deserto o concurso nunha das categorías establecidas nos premios, na categoría na que si figuren varios participantes, o premio de maior contía económica (2.000€) será outorgado a persoa que obteña o primeiro posto coa puntuación máis alta, e o premio de menor importe (1.500€) será para a entidade que figurase seguidamente en segundo lugar coa puntuación máis alta.

A estes importes aplicaráselles a retención do IRPF que corresponda no momento da entrega dos premios

Os premios serán compatibles con outros para a mesma finalidade.

NOVENA.- COMPOSICIÓN DO XURADO:

O proceso de valoración das candidaturas será levado a cabo por un xurado externo con profesionais do mundo da empresa e experiencia en innovación.

Este xurado terá como cometidos os seguintes:

- Avaliar os proxectos e ideas presentadas.
- Asignar os premios do concurso e elevar a proposta de aprobación ao órgano competente do Concello de Ames.

A composición do xurado publicarase con antelación á emisión do ditame e será fixada por decreto da Alcaldía, segundo a proposta da Concellaría Promoción Económica.

Un/unha traballador/a da Concellaría de Promoción Económica actuará como secretario/a, con voz pero sen voto. Quen exerza de secretario/a levantará a acta correspondente da xuntanza do xurado na que se emita a resolución e se propoñan ás entidades beneficiarias dos premios.

A resolución darase a coñecer durante a edición do evento **Innovames o 20 de febreiro de 2026.**

DÉCIMA.- CRITERIOS DE VALORACIÓN

Os proxectos serán valorados cunha **puntuación máxima de 15 puntos.**

Para o outorgamento das puntuacións o xurado terá en conta os seguintes criterios de valoración:



-Alto compoñente de innovación (6 PUNTOS). Que o grao de innovación no produto, Proceso, Marketing ou innovación Organizacional cumpra polo menos un dos seguintes requirimentos:

○Sexa unha innovación total ou parcialmente nova en relación ao existente no mercado

○Non cumprindo o indicado anteriormente, achegue melloras competitivas en relación aos produtos, servizos ou procedementos existentes.

-Sustentabilidade. Grado no que o proxecto tivo en conta factores de sustentabilidade para a elección dos seus produtos, procesos ou procedementos **(2 PUNTOS)**.

-Uso de novas tecnoloxías nos seus procesos e procedementos (innovación aplicada, dixitalización do negocio, etc). Avaliarase o grao no que as novas tecnoloxías achegan melloras ao produto ou servizo creando vantaxes competitivas **(3 PUNTOS)**.

-Globalización. Grado no que o proxecto ten un enfoque e posibilidades técnicas de expansión internacional **(1 PUNTO)**.

-Presentación do proxecto (3 PUNTOS) no propio evento do Innovames de forma presencial o 20 de febreiro de 2026.

Unha vez avaliadas as candidaturas dos solicitantes segundo os criterios anteriores, salvo o da puntuación outorgada á presentación do proxecto, o xurado **seleccionará 8 finalistas (4 finalistas en cada categoría)**.

Os 8 finalistas deberán realizar a defensa da súa candidatura nas diferentes fases dos premios, tras o cal o xurado outorgará a valoración correspondente á presentación do proxecto co fin de obter a puntuación final que determinará a entidade gañadora en cada categoría.

Para a presentación do proxecto, algunha persoa pertencente ao equipo directivo ou socia de cada empresa seleccionada deberá realizar a defensa da súa candidatura no evento **Innovames 2026**, que se celebrará o **20 de febreiro de 2026**.

A defensa da candidatura estará composta polas seguintes fases de participación, todas elas obrigatorias:

1. Presencia no evento: os candidatos/as deberán participar no evento cun stand facilitado pola organización, no que mostren o concepto do seu proxecto (sen infrinxir dereitos de propiedade intelectual).
2. Presentación do proxecto: os candidatos/as deberán facer unha presentación do proxecto tipo Pitch de 5 minutos de duración durante a xornada do evento.
3. Entrega de Premios: os/as candidatos/as deberán acudir á entrega de premios do evento.

No caso de non ser posible a presenza das persoas socias ou do equipo directivo, a candidatura deberá ser defendida por algunha outra persoa traballadora ou pertencente á empresa. Se non fose posible contar con representante algún da entidade, a organización valorará en cada caso a posibilidade de deixar fóra de concurso á candidatura en cuestión.

En caso de empate o xurado escollerá, somenténdoo a votación, quen será a entidade gañadora entre as empresas que obtiveran igual puntuación.

O fallo do xurado será inapelable e decidirá sobre calquera dúbida que se expoña.

Os premios poderán ser declarados desertos no caso de que o xurado considere que os participantes non alcancen un mínimo de calidade ou de que a cantidade de participantes sexa insuficiente para o desenvolvemento do concurso (mínimo tres participantes por categoría).

DÉCIMO PRIMEIRA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DOS PREMIOS

A presente convocatoria de premios tramitase na forma de concorrencia competitiva.

O procedemento de instrución do procedemento e de resolución levarase a cabo nos termos que se regulan nos artigos 23 a 27 da Lei xeral de subvencións.

A instrución correspóndelle ao departamento de Promoción Económica que realizará de oficio cantas

actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos, á vista do expediente e valoración final do xurado, formulará a proposta de resolución dos premios.

A resolución de concesión de premios, que pon fin á vía administrativa, corresponde á Xunta de Goberno Local, en virtude do decreto de delegación da Alcaldía núm. 1983/2023, de 26 de xuño. Ao non figurar no procedemento nin ser tidos en conta outros feitos nin outras alegacións e probas que as realizadas polos participantes, prescínlese do trámite de audiencia na proposta de resolución, de conformidade co establecido no artigo 82.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Contra a resolución de concesión que se dite, que pon fin á vía administrativa, poderá interperse potestativamente recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo no prazo de dous meses desde o día seguinte ao da súa publicación no Taboleiro de Anuncios do Concello de Ames.

O procedemento de concesión dos premios resolverase nos 3 meses a contar desde a finalización do termo de presentación de solicitudes e a falta de resolución, dentro deste prazo, terá carácter de desestimación.

A resolución definitiva notificaráselle ás persoas premiadas. Igualmente, darase publicidade a través da Base de Datos Nacional de Subvencións das concesións.

DÉCIMO SEGUNDA.- FALLO DO XURADO

A participación na presente Convocatoria supón a aceptación das bases reguladoras da mesma e do fallo emitido polo xurado, así como a obrigatoria intervención no acto da concesión de premios en caso de ser unha das candidaturas seleccionadas como finalistas.

O fallo do xurado será inapelable e decidirá sobre calquera dúbida que se expoña.

Os premios poderán ser declarados desertos no caso de que o xurado considere que os participantes non alcanzan un mínimo de calidade ou de que a cantidade de participantes sexa insuficiente para o desenvolvemento do concurso (mínimo tres participantes por categoría).

A Concellaría de Promoción Económica, de acordo co ditame do xurado, proporá á Xunta de Goberno Local do Concello de Ames a concesión dos premios e a resolución definitiva da convocatoria. Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios do Concello de Ames despois do evento de entrega de premios.

O fallo do xurado darase a coñecer durante a celebración do **Evento Innovames 2026 do 20 de febreiro de 2026**.

DÉCIMO TERCEIRA.- CONFIDENCIALIDADE

Toda a documentación achegada polos participantes neste concurso será considerada confidencial polo persoal dos premios Innovames e polos membros do xurado que teñan acceso a aquelas durante o proceso de recepción, avaliación e selección de propostas.

Garantirase a confidencialidade das candidaturas presentadas durante todo o proceso. Porén, poderanse difundir as súas características xerais, cando sexa necesario, como o nome dos proxectos gañadores, o seu logotipo, actividade e principais logros, así como as persoas integrantes do equipo promotor.

DÉCIMO CUARTA.- MEDIOS DE NOTIFICACIÓN E PUBLICIDADE

Un extracto da presente convocatoria publicarase no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, e o texto íntegro poderá consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) accesible desde <http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>.

Todas as publicacións posteriores á publicación destas bases faranse no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello.

A resolución do procedemento publicarase no taboleiro de anuncios do Concello, surtindo esta os efectos da notificación, de conformidade co establecido no artigo 26 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DECIMO QUINTA.- PAGAMENTO E REINTEGRO DOS PREMIOS

O pago realizarase, no prazo e forma previstos, mediante transferencia bancaria á conta que indicase a

DATA DE SINATURA: 30/01/2026
HASH DO CERTIFICADO: 440CC275F588D1FD51B97C1176917A619A04AD97
2552C5906968C16B9FC6B4BE9697BB9BF010C732

POSTO DE TRABAJO: secretaria
Alcalde

NOME: Lucía Artime Alonso
GARCIA PIÑEIRO, JOSE BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC24E70A2357136284B82



entidade premiada.

Os premios serán obxecto de retención fiscal de acordo co estipulado na lexislación vixente.

Os premios serán reintegrados nos supostos previstos no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

DÉCIMO SEXTA.- RÉXIME DE RECURSOS.

Contra o acordo de aprobación das presentes bases, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer, con carácter previo e potestativo, recurso de reposición, ante o propio órgano que o ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación ou, alternativamente, recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde a mesma data indicada. Sen prexuízo do disposto nos artigos 123 e 124 da LPACAP, e artigos 8 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso- Administrativa, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar calquera outro que estimen oportuno.

DÉCIMO SÉTIMA.- ÓRGANOS DE CONTROL DAS ACHEGAS CONCEDIDAS

Os beneficiarios/as dos premios concedidos polo Concello quedarán obrigados/as a someterse aos procedementos de controis ou auditoría que realicen polos seus propios medios ou a través de empresas colaboradoras a Intervención municipal, o Consello de Contas de Galicia, o Tribunal de Contas e calquera outros órganos de control interno ou externo, nacional ou europeo.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA.- PUBLICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS E INCORPORACIÓN AO REXISTRO PUBLICO DE SUBVENCIÓNS

Para os efectos da salvagarda do dereito dos participantes na presente convocatoria á protección dos seus datos de carácter persoal, nos termos previstos na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, faise constar que os datos das subvencións concedidas quedarán incorporados ao rexistros públicos de subvencións, nos seguintes termos:

- a) En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación dos beneficiarios/as serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.
- b) En cumprimento do disposto no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia o Concello remitirá Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia os datos da subvención concedida e a identificación dos beneficiarios/as, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
- c) Do mesmo xeito, e por aplicación do disposto no artigo 18 do RD 887/06, advírtese que o Concello de Ames publicará as subvencións concedidas, expresando na mesma o nome ou razón social do beneficiario/a, número de identificación fiscal, finalidade ou finalidades da subvención con expresión, no seu caso, dos distintos programas ou proxectos subvencionados e cantidade concedida.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA.- PROTECCIÓN DE DATOS

O Concello de Ames é o responsable do tratamento dos datos persoais recadados nesta convocatoria. Os datos serán tratados coa finalidade específica da tramitación da convocatoria dos premios, a verificación dos datos achegados na solicitude e dar publicidade ao resultado.

A lexitimación do tratamento está baseada no cumprimento dunha misión realizada en interese público fundamentada na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o cumprimento dunha obriga legal recollida na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Respecto da captación e difusión das imaxes das persoas representantes das entidades participantes, a base lexitimadora será o consentimento outorgado polas persoas interesadas no momento da solicitude.

Os datos da subvención concedida e a identificación dos beneficiarios/as serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto. Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 16.3

da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello remitiralle a mesma información á Consellería de Facenda e Administración Pública, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia. A fin de darlle a publicidade legalmente esixida a este procedemento e en base á Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas publicarase a relación de persoas beneficiarias na páxina web corporativa. No caso de autorizar a captación e difusión das imaxes das persoas representantes das entidades, as mesmas serán publicadas nos diferentes medios corporativos do Concello e as súas redes sociais.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís ou retirar o consentimento outorgado, mediante solicitude por escrito presentada no rexistro municipal do Concello (Praza do Concello, nº 2, 15.220, Bertamiráns - Ames) ou por calquera outro rexistro dos establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, e na que especificará cal destes solicita sexa satisfeito. A retirada do consentimento non afectará á licitude do tratamento baseada no consentimento previo á súa retirada.

Máis información en <https://www.concellodeames.gal/gl/atencion-cidada/proteccion-datos-persoais>

DISPOSICIÓN FINAL

Para o non previsto nesta convocatoria serán de aplicación as normas incluídas na Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ames, nas Bases de execución do orzamento xeral do Concello, na Lei 38/2003, xeral de subvencións e no seu Regulamento e na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

DATA DE SINATURA: HASH DO CERTIFICADO:
30/01/2026 440CC275F588D1FD51B97C1176917A619A04AD97
30/01/2026 2552C5906968C16B9FC6B4BE9697BB9BF010C732

POSTO DE TRABALLO:
secretaría
Alcalde

NOME:
Lucía Artime Alonso
GARCIA PIÑEIRO, JOSE BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC24E70A2357136284B82



ANEXO I

SOLICITUDE “IV PREMIO INNOVAMES EMPRESAS INNOVADORAS 2026”

1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA CANDIDATURA

SOLICITANTE:

Nome

NIF

Teléfono Email

EN REPRESENTACIÓN DE:

Nome da empresa ou participante

NIF:

Domicilio

Localidade Código postal

Teléfono Email

En relación á convocatoria do “IV PREMIO INNOVAMES EMPRESAS INNOVADORAS 2026” organizado polo Concello de Ames solicito a miña participación no mesmo.

2. PROXECTO:

Nome do proxecto:

Categoría á que se presenta:

- Premio Innovames á Innovación Empresarial cun premio de 2.000 €
 Premio Innovames ao Impacto Innovador cun premio de 1.500€

3. DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA:

- Acreditación da representación da persoa que actúa como representante da entidade e que asina a solicitude.
 Declaración censual de alta no IAE.
 Memoria da candidatura.
 Fotografía ou representación gráfica do proxecto.

4. A PERSOA SOLICITANTE DECLARA DE XEITO RESPONSABLE E FAI CONSTAR:

1º.- Que acepta as bases da convocatoria.

2º.- Que a entidade á cal representa non se atopa incurso en ningunha causa de incompatibilidade ou prohibición para ser beneficiario de subvencións das Administracións Públicas, comprometéndose a manter esta situación ata a completa resolución do expediente.

3º.- Que a entidade á cal representa se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, Comunidade Autónoma de Galicia, o Concello de Ames e coa Seguridade Social, comprometéndose a manter esta situación ata a completa resolución do expediente.

4º.- Que se somete ás actuacións de comprobación e achega da documentación que o Concello de Ames poida acordar.

CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS TRIBUTARIOS OU OUTROS CUXA LEXISLACIÓN ESPECÍFICA REQUIRA O CONSENTIMENTO EXPRESO

A consulta dos documentos relacionados a continuación deberá ser obxecto de autorización expresa

No caso de que as persoas interesadas non marquen o recadro de autorización expresa, **AUTORIZO A**

DATA DE SINATURA: HASH DO CERTIFICADO:
30/01/2026 440CC275F588D1FD51B97C1176917A619A04AD97
30/01/2026 2552C5906968C16B9FC6B4BE9697BB9BF010C732

POSTO DE TRABAJO:
secretaría
Alcalde

NOME:
Lucía Artime Alonso
GARCÍA PIÑEIRO, JOSE BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC24E70A2357136284B82



deberán achegar os certificados actualizados que acrediten estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, fronte á Seguridade Social ou o Concello de Ames ou outra documentación cuxa comprobación non autorice.	CONSULTA
Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT).	○ SI ○ NON
Estar ao corrente de pagamento coas obrigacións fronte á Seguridade Social	○ SI ○ NON
Estar ao corrente de pagamento coas obrigacións tributarias e demais ingresos de dereito público do Concello de Ames	○ SI ○ NON

5º.- Que estou informado/a de que a participación no evento de entrega de premios poderá implicar a captación de imaxes, fotografías, vídeos, vídeos con voz, material gráfico, etc. (en diante, "imaxes") das persoas participantes, coa finalidade de difundir publicamente esta actividade.

AUTORIZACIÓN PARA A CAPTACIÓN E DIFUSIÓN DE IMAXES PERSOAIS	
Autorizo o tratamento dos datos para a captación e difusión de imaxes persoais nos medios corporativos do Concello especificados no epígrafe dos destinatarios	○ SI ○ NON

As imaxes serán conservadas durante o tempo necesario para a consecución das finalidades indicadas ou, se é o caso, en tanto as persoas interesadas non retiren o consentimento outorgado.

6º.- Que os promotores dos proxectos participantes no concurso (*sinalar o que proceda*):

- Autorizan a difusión** dos nomes e características xerais das iniciativas e proxectos presentados no marco das actuacións deste concurso empresarial, así como a potencial realización de entrevistas previas ou posteriores á entrega dos premios e recoñecementos.
- NON autorizan a difusión** dos nomes e características xerais das iniciativas e proxectos presentados no marco das actuacións deste concurso empresarial, así como a potencial realización de entrevistas previas ou posteriores á entrega dos premios e recoñecementos.

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Concello de Ames
Finalidades do tratamento	A finalidade específica da convocatoria dos "IV PREMIOS INNOVAMES EMPRESAS 2026", verificar os datos achegados e dar publicidade ao resultado.
Lexitimación para o tratamento	Cumprimento dunha misión realizada en interese público fundamentada na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o cumprimento dunha obriga legal recollida na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Respecto da captación e difusión das imaxes das persoas representantes, a base lexitimadora será o consentimento outorgado polas persoas interesadas no momento da solicitude
Destinatarios dos datos	Base de Datos Nacional de Subvencións, Consellería de Facenda e Administración Pública, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia. A fin de darlle a publicidade legalmente esixida a este procedemento publicarase, a relación de persoas beneficiarias na páxina web corporativa. No caso de autorizar a captación e difusión das imaxes das persoas representantes, as mesmas serán publicadas nos diferentes medios corporativos do Concello e as súas redes sociais
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís ou retirar o consentimento outorgado, mediante solicitude por escrito presentada no rexistro municipal do Concello (Praza do Concello, nº 2, 15.220, Bertamiráns - Ames) ou por calquera outro rexistro dos establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, e na que especificará cal destes solicita sexa satisfeito. A retirada do consentimento non afectará á licitude do tratamento baseada no consentimento previo á súa retirada.
Contacto delegado/a de protección de datos e información adicional	https://www.concellodeames.gal/gl/atencion-cidada/proteccion-datos-persoais

Ames, de de 2026

Sinatura da persoa solicitante

DATA DE SINATURA: 30/01/2026
 HASH DO CERTIFICADO: 440CC275F588D1FD51B97C1176917A619A04AD97
 2552C5906968C16B9FC6B4BE9697BB9BF010C732

POSTO DE TRABAJO:
 secretaria
 Alcalde

NOME:
 Lucía Artime Alonso
 GARCIA PIÑERO, JOSE BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - https://sede.concellodeames.gal - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC24E70A2357136284B82



E para que así conste e xustificar onde conveña, expido a presente co visto e praxe do señor alcalde en Ames, a 30 de xaneiro de 2026.

Visto e praxe
O alcalde
J. Blas García Piñeiro

A secretaria
Lucía Artime Alonso

DATA DE SINATURA: HASH DO CERTIFICADO:
30/01/2026 440CC275F588D1FD51B97C1176917A619A04AD97
30/01/2026 2552C5906968C16B9FC6B4BE9697BB9BF010C732

POSTO DE TRABALLO:
secretaria
Alcalde

NOME:
Lucía Artime Alonso
GARCIA PIÑEIRO, JOSE BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC24E70A2357136Z84B82